



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO FERROLTERRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19 de abril de 2016 ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Integrar o conxunto de oportunidades para o desenvolvemento turístico existentes na comarca: recursos singulares, produtos desenvolvidos, implicación de empresariado e tecido asociativo, sinerxia entre administracións...
- Planificar de forma estratéxica e establecer as bases para a especialización e a maduración do produto e das distintas ofertas en futuras anualidades.
- Contribuír á definición e fortalecemento da marca turística Ferrolterra e dos seus produtos, como compoñente esencial na marca Galicia.
- Manter a continuidade das actuacións para o desenvolvemento turístico no territorio de Ferrolterra, tendo en conta o potencial deste sector para economía comarcal.



Para acadar estes obxectivos, está prevista a execución seguintes liñas de acción:

1. Promoción e comercialización
2. Mantemento, promoción e comercialización da oferta de “turismo slow”
3. Articulación do produto e promoción da marca costa das ondas
4. Turismo e cidadanía
5. Coordinación

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

2.- Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia, e segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

3.- Que a Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de: Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño. Esta Mancomunidade constituíuse en xuño de 1971 cos municipios de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón e Neda aos que se



incorporou o concello de Valdoviño en 1977, o de Cedeira en 2010, e finalmente o de Cabanas en 2012.

4.- Co obxecto de promover o turismo no xeodestino de Ferrolterra, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos